

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	
MATERIA	Música e Canto.
DISCIPLINA	Canto Coral II.
TITULACIÓN	Titulo Superior en Arte Dramática.
ESPECIALIDADE	Interpretación.
ITINERARIO	Textual e Xestual.
CURSO	3º- 2º Cuadrimestre.
CRÉDITOS ECTS	3 ETCS (3 horas presenciais + 3 horas non presenciais, por semana)
CARÁCTER	Optativa. Práctica. (Integración das disciplinas de Canto e Danza)
DEPARTAMENTO	Interpretación – Área de Música e Canto.
CENTRO	Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.
COORDINADOR/A	Marión Sarmiento Valverdú
DOCENTES	Nome e apelidos: Marión Sarmiento Valverdú Horario titorías: https://esadgalicia.com/curso-escolar/ Despacho: Departamento 2 – Corporal, Danza e Música / Aula P16. Contacto: marion.sarmiento@edu.xunta.gal
	Nome e apelidos: M ^a Angeles Gayoso Diz Horario titorías: https://esadgalicia.com/curso-escolar/ Despacho: Departamento 2 – Corporal, Danza e Música / Aula P10. Contacto: angeles.gayoso.diz@edu.xunta.gal
DESCRICIÓN	<i>Estudo das técnicas interpretativas do conxunto coral e desenvolvemento práctico dos seus elementos: timbre, afinación, ritmo e musicalidade.</i>
COÑECEMENTOS PREVIOS	Ter superado Canto Coral I.
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego <input checked="" type="checkbox"/> Castelán <input checked="" type="checkbox"/> Inglés <input checked="" type="checkbox"/> Francés <input type="checkbox"/>

2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
T1	<i>Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.</i>
T7	<i>Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.</i>
T9	<i>Integrarse adecuadamente en equipos interdisciplinarios e en contextos culturais diversos.</i>
T11	<i>Desenvolver na práctica profesional unha ética profesional baseada na apreciación e sensibilidade estética, medioambiental e cara á diversidade.</i>
T13	<i>Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.</i>
T17	<i>Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social verbo da importancia do patrimonio cultural, da súa incidencia nos diferentes ámbitos e na súa capacidade de xerar valores significativos.</i>
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
X2	<i>Comprender psicoloxicamente e empatizar para entender e sentir as vidas, situacións e personalidades alleas, utilizando de maneira eficaz as súas capacidades de imaxinación, intuición, intelixencia emocional e pensamento creativo para a solución de problemas; desenvolvendo a súa capacidade para pensar e traballar con flexibilidade, adaptándose aos demais e ás circunstancias cambiantes do traballo, así como a conciencia e o uso saudable do propio corpo e o equilibrio</i>

	necesario para responder aos requisitos psicolóxicos asociados ao espectáculo.
--	--

X3	<i>Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.</i>
X8	<i>Vincular a propia actividade teatral e escénica a outras disciplinas do pensamento científico e humanístico, ás artes en xeral e ao resto de disciplinas teatrais en particular, enriquecendo o exercicio da súa profesión cunha dimensión multidisciplinar.</i>

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DE ESPECIALIDADE

EI1	<i>Dominar os recursos expresivos necesarios para o desenvolvemento de procesos de interpretación, actuación e representación, no ámbito escénico e audiovisual.</i>
EI2	<i>Participar na creación da partitura escénica e/ou personaxe, escénico ou audiovisual, e interpretalo adecuadamente, a través do dominio das diferentes técnicas interpretativas.</i>
EI3	<i>Integrar e interactuar coas restantes linguaxes e códigos que conforman o espectáculo escénico ou audiovisual.</i>
EI5	<i>Concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire ás metodoloxías de traballo como á renovación estética.</i>

3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA	COMPETENCIAS VINCULADAS
1. Aplicar á interpretación colectiva os criterios adecuados á época, xénero e estilo musical.	T1, T9, T11, T13, T17, X3, EI1, EI2, EI3, EI5.
2. Coñecer e respectar diferentes estilos de interpretación musical e coreográfica.	T9, T11, T13, T17, X2, X3, X8, EI1, EI2, EI3, EI5.
3. Valorar e gozar da interpretación musico-teatral como medio de relación persoal coa vivencia musical colectiva.	T7, T9, T11, T13, T17, X2, X8, EI3, EI5.

4. CONTIDOS		
TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS
TÉCNICA	Perfeccionamento e consolidación das destrezas vocais e corporais adquiridas.	20 horas
INTERPRETACIÓN	Interpretación dun repertorio variado de canto coral e repertorio musico-teatral.	25 horas
TOTAL SESIÓNS		45 horas

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE			
Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introdutorias	1	-	1
Exposición maxistral	1	1	2
Exposición teórico-práctica	2	1	3
Práctica individual	10	15	25
Práctica colectiva	10	10	20

Outros: Resolución de problemas ou exercicios	3	3	6
Traballos de aula	4	5	9
Titorías individuais	3	-	3
Titorías de grupo	6	-	6
Actividades de avaliación. Probas	2	4	6
Actividades de avaliación. Presentacións / mostras	2	6	8
Actividades de avaliación. Revisión	1	-	1
TOTAL	45	45	90
PORCENTAXE	50%	50%	100%

6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSEÑANZA E APRENDIZAXE

Actividades	Descrición
Actividades introdutorias.	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como presentar a materia.
Exposición maxistral.	Exposición por parte do profesor dos contidos da materia, bases teóricas e/ou directrices dos exercicios prácticos a desenvolver polo estudante.
Exposición teórico-práctica.	Actividades enfocadas á adquisición de coñecementos e habilidades vocais para su posterior aplicación musical.
Práctica individual	Realización de exercicios respiratorios e vocais e interpretación de cancións individualmente.
Práctica colectiva	Realización de exercicios respiratorios e vocais e interpretación de cancións en grupo.
Resolución de problemas ou exercicios.	Realización de exercicios encamiñados a perfeccionar a técnica adquirida.
Traballos de aula.	Interpretación individual e conxunta do repertorio traballado.
Titorías en grupo.	Ensino no que os estudantes levan a cabo a realización dun proxecto nun tempo determinado para resolver un problema ou abordar unha tarefa mediante a planificación, deseño e realización dunha serie de actividades.
Titorías individuais	Entrevistas que o alumno mantén co profesorado da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe. Traballo persoal dirixido do repertorio vocal asignado.

7. ATENCIÓN PERSONALIZADA

Seguimento	Farase un seguimento personalizado integrado no traballo conxunto do grupo, facendo unha análise de cada caso específico e resolvendo cada casuística do xeito máis adecuado. <i>Titoría presencial:</i> O alumnado ten un período de atención personalizada en horario non lectivo.
Orientación	Orientación respecto ás dúbidas e inquiredanzas que xurdan en cada caso. <i>Titoría electrónica:</i> O alumnado pode manter contacto permanente co profesor a través do correo electrónico.

8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN

O alumno deberá establecer unha comunicación previa co docente, mínimo seis semanas antes da data do exame, para aclarar e concretar a estrutura e as particularidades do seu exame.

8.1 Avaliación ordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
<u>Exercicio práctico nº1</u> Interpretación pública do repertorio vocal e corporal traballado en pequenos grupos.	T1, T7, T13, X2, X3, E11, E12.	50% (a valoración deste exercicio está incluída no proceso de avaliación continua)
<u>Exercicio práctico nº2</u> Interpretación pública conxunta do repertorio musico-teatral traballado en grupo.	T1, T7, T9, T11, T13, T17, X2, X3, X8, E11, E12, E13, E15.	50% (a valoración deste exercicio está incluída no proceso de avaliación continua, no obstante é necesaria a súa realización para aprobalo)

Todas as partes deberán ser superadas e para calificar vaise valorar a realización correcta dos exercicios aplicando as habilidades adquiridas e a interpretación do repertorio con precisión rítmica, afinación axustada, dicción correcta do texto e expresividade adecuada.

8.2. Avaliación extraordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
<u>Exercicio práctico nº1</u> Interpretación pública do repertorio vocal e corporal traballado en pequenos grupos, sen a figura do director/a. (O acompañamento instrumental, se é necesario, e os compañeiros, serán aportados polo alumno que se examina.)	T1, T7, T13, X2, X3, E11, E12.	50%
<u>Exercicio práctico nº2</u> Interpretación pública conxunta do repertorio musico-teatral traballado en grupo, sen a figura do director/a. (O acompañamento instrumental, se é necesario, e os compañeiros, serán aportados polo alumno que se examina.)	T1, T7, T9, T11, T13, T17, X2, X3, X8, E11, E12, E13, E15.	50%

Todas as partes deberán ser superadas e para calificar vaise valorar a realización correcta dos exercicios aplicando as habilidades adquiridas e a interpretación do repertorio con precisión rítmica, afinación axustada, dicción correcta do texto e expresividade adecuada.

8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
<u>Exercicio práctico nº1</u> Interpretación pública do repertorio vocal e corporal traballado en pequenos grupos, sen a figura do director/a. (O acompañamento instrumental, se é necesario, e os compañeiros, serán aportados polo alumno que se examina.)	T1, T7, T13, X2, X3, E11, E12.	50%
<u>Exercicio práctico nº2</u> Interpretación pública conxunta do repertorio musico-teatral traballado en grupo, sen a figura do director/a. (O acompañamento instrumental, se é necesario, e os compañeiros, serán aportados polo alumno que se examina.)	T1, T7, T9, T11, T13, T17, X2, X3, X8, E11, E12, E13, E15.	50%

Todas as partes deberán ser superadas e para calificar vaise valorar a realización correcta dos exercicios

aplicando as habilidades adquiridas e a interpretación do repertorio con precisión rítmica, afinación axustada, dicción correcta do texto e expresividade adecuada..

9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

REFERENCIAS BÁSICAS:

- DEER, Jo & Dal VERA, Rocco. (2008): *Acting in Musical Theatre. A Comprehensive Course*. Ed. Routledge, London.
- HARVARD, Paul (2013): *Acting Through Song*. Nick Hern Books, London.
- MARCE, Àngels & BARTOMEU, Ester (2009): *Taller de teatro musical*. Alba, Barcelona.
- McCALLION, M. (2006): *El libro de la voz*. Ed. Urano, Barcelona
- MELTON, Joan (2007): *Singing in Musical Theatre: the training of singers and actors*. Allworth Press. New York.
- MOORE, Tracey & BERGMAN, Allison (2012): *Acting The Song*. Allworth Press, New York.
- STREETON, Jane & RAYMOND, Philip (2014): *Singing on Stage*. Bloomsbury. London.
- TAYLOR, Millie (2008): *Singing for Musicals. A Practical Guide*. The Crowood Press. Wiltshire.

REFERENCIAS COMPLEMENTARIAS:

- ALLALI, A. & Le HUCHE, F. (2003): *La Voz. (Tomo 1: Anatomía y fisiología de los órganos de la voz y del habla)*. Ed. Masson, Barcelona.
- BACOT, M. C.; FACAL, M. L. & VILLAZUELA, G. (2005): *El uso adecuado de la voz*. Akadia, Buenos Aires.
- BUSTOS SÁNCHEZ, I. (2003): *La Voz. La técnica y la expresión*. Ed Paidotribo Badalona
- CABALLE, M.; GUITART, E. & PERELLÓ, J. (1982): *Canto-Dicción*. Editorial Científico-Técnica, Barcelona.
- CHUN-TAO CHENG, S. (2006): *El Tao de la Voz*. Ed. Gaia, Madrid.
- CORNUT, G. (1998): *La voz*. Ed. Fonde de Cultura Económica, Madrid.
- ESCUADERO, M^a P. (2002): *Educación de la voz 1º. (Ortofonía-Dicción-Canto-Ritmo)*. Real Musical, Madrid.
- ESCUADERO, M^a P. (2003): *Educación de la voz 2º. (Canto-Ortofonía-Dicción-Trastornos vocales)*. Real Musical, Madrid.
- ESCUADERO, M^a P. (1988): *Educación de la voz 3º. (Canto-Ortofonía-Dicción)*. Real Musical, Madrid.
- FERRER SERRA, J. S. (2008): *Teoría, anatomía y práctica del canto*. Ed. Herder, Barcelona. (con CD)
- FURIA, Philip & PATTERSON, Laurie: *The songs of Hollywood*. Oxford University Press, 2010.
- GARCÍA, L. (2003): *Tu voz, tu sonido*. Ed. Díaz Santos, Madrid.
- GIMENO PÉREZ, F. & TORRES GALLARDO, B. (2008): *Anatomía de la Voz*. Paidotribo, Badalona.
- HEWITT, G. (1990): *Cómo cantar*. Ed. EDAF, Madrid.
- JACKSON-MENALDI, M^a C. (1992): *La voz normal*. Ed. Médica Panamericana, Madrid.
- JARABA, M. A. (1989): *Teoría y Práctica del Canto Coral*. Ed. Istmo, Madrid.
- KNAPP, Raimond (2006): *The American Musical and the performance of personal identity*. Princeton University Press.
- MANSION, M. (2002): *El estudio del canto. Técnica de la voz hablada y cantada*. Ed. Ricordi Americana, SAEC. Buenos Aires.
- PEARCE, S. (2007): *La Alquimia de la Voz*. Ed. Gaia, Madrid.
- REGIDOR ARRIBAS, R. (1991): *La voz en la Zarzuela. La clasificación de la Voz*. Ed. Real Musical, Madrid.
- REVERTER, A. (2008): *El Arte del Canto. El misterio de la voz desvelado*. Alianza, Madrid. (con CD)
- SALZMAN, Eric & DESI, Thomas (2008): *The New Music Theatre: Seeing the Voice, Hearing the Body*. Oxford, New York.
- STERNFELD, Jessica (2006): *The Megamusical*. Indiana University Press.
- TULÓN ARFELIS, C. (2000): *La voz*. Ed. Paidotribo. Barcelona.
- TULÓN ARFELIS, C. (2005): *Cantar y Hablar*. Ed. Paidotribo. Barcelona
- WILFART, S. (1999): *Encuentra tu propia voz*. Ed. Urano, Barcelona

10. OBSERVACIONES

Recoméndase vestir con roupa cómoda.

Vaise dar a colaboración da profesora de danza para o traballo dos recursos corporais e a interpretación coreográfica.

Manteranse medidas de prevención da Covid-19 en todos os espazos de traballo, como a hixiene das mans e a

ventilación regular dos espazos pechados.

Así mesmo activaranse os protocolos que especifique a Administración educativa no caso de ser necesario.